

A lenda do loro Ravachol



Esta é a historia real dun loro que vivía na cidade de Pontevedra. Nesta cidade había unha botica chamada " A Peregrina ", cuxo propietario exercía de boticario acompañado dun nobre loro chamado Ravachol.

A súa farmacia era o lugar de reunión de coñecidos intelectuais da época, entre os que figuraba D^a Emilia Pardo Bazán.

Como a maioría dos tertuliáns era do xénero masculino, unha das súas actividades preferidas era piropear ás mozas que paseaban diante da botica, afagos ós que se unía, encantado, o noso simpático amigo Ravachol.

Pasou así a ser un importante e querido membro da comunidade ata que o cinco de febreiro de 1913 falecía ós vinte e dous anos de idade.

A cidade, que se encontraba en plenos carnavais, sumiuse nun dramático loito. Desgarrados de dor foron un a un dándolle o



pésame ó aflixido boticario e decidiron facerlle os funerais máis luxosos que tivera ave algunha. Foi velado nun leito de flores e conducido á súa última morada nunha carroza fúnebre, tirada por cabalos negros, ata unha finca que posuía o seu amo, na que recibiu sepultura.

Durante os anos seguintes os pontevedreses resucitaban o seu loro durante os carnavais para voltar a celebrar o seu funeral. Ó termo do mesmo cegaban a chorar bágoas de alvariño.

A tradición perdeuse durante os anos nos que o carnaval estivo prohibido, pero en 1985 recuperouse e cada ano o loro volta a Pontevedra, durante uns días, para morrer e renacer ó ano seguinte.



Palabras: Christian, Celia e Adrián.
4º